

Resumo

A necesidade de expresar oralmente conceptos e ideas nas aulas é quizá un dos retos máis importantes aos que se debe enfrontar o profesorado. As dificultades do inglés oral poden afectar seriamente á comprensión dos contidos e por tanto chegan a influír negativamente na confianza do profesorado. Resulta esencial, por iso, que os profesores poidan identificar os aspectos máis directamente relacionados coa pronuncia que se atopan máis directamente relacionados coa noción da inteligibilidade e coa expresión do significado. Neste obradoiro prestarase atención ao uso da pronuncia desde unha perspectiva global, sendo o seu obxectivo principal proporcionar ferramentas prácticas para consolidar e mellorar a capacidade oral para expresarse, prestando especial atención aos aspectos responsables de que os alumnos poidan acceder de forma efectiva á información transmitida oralmente.